



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

INFORME DA NECESIDADE (ARTIGO 28 LCSP)

Expediente de contratación de obras “Melloras do afirmado da rúas Ventorrillo e Travesía da Camuza III” (2018/C003/0000016).

1. De acordo co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE , de 26 de febreiro de 2014, os entes, organismos e entidades do sector público non poderán celebrar outros contratos que aqueles que sexan necesarios para o cumprimento e realización dos seus fins institucionais. A tal efecto, a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, cando se adxudique por un procedemento aberto, restrinxido ou negociado sen publicidade, deben ser determinadas con precisión, deixando constancia de esta na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encamiñado á súa adxudicación.

2. Mediante acordo plenario de data 18.12.2017 procedeuse á aprobación **DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS + 2018”**, no que se incluían os seguintes investimentos:

“2.- Aprobar o **Plan Complementario do ano 2018** no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos “financeiramente sostibles” (mínimo do 20% do total das achegas e préstamo provincial asignado)	Grupo de programa	Orzamento
SUBSTITUCIÓN DA CARPINTERÍA EXTERIOR CASA DO OLEIRO BUÑO	933	44.348,88
SENDA PEONIL MARXE DEREITO AS RABUCEIRAS	1532	38.900,76
MELLORAS DO AFIRMADO NAS RÚAS VENTORRILLO E TRAVESÍA DA CAMUZA	1532	41.990,23
MELLORAS DO AFIRMADO DOS CAMIÑOS PÚBLICOS EN BUÑO BOA VISTA, A COSTA E AS RABUCEIRAS	1532	41.261,31
TOTAIS		166.501,18

3. Mediante acordo plenario de data de 02.04.2018 procedese a ratificar os decretos de Alcaldía relativos aos requirimentos de subsanación efectuados pola Deputación da



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Coruña do POS+2018 obrigando a efectuar correccións nos proxectos técnicos aprobados sen ningunha outra modificación do orzamento final respecto aos proxectos orixinarios aprobados polo Pleno e así mesmo adóptase un novo acordo no mesmo pleno **no que se corrixe o acordo adoptado na sesión plenaria de data de 18/12/2017 quedando redactado o mesmo nos seguintes termos:**

“2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2018 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos “financeiramente sostibles” (mínimo do 20% do total das achegas e préstamo provincial asignado)	Grupo de programa	Orzamento
SUBSTITUCIÓN DA CARPINTERÍA EXTERIOR CASA DO OLEIRO BUÑO	933	44.348,88
SENDA PEONIL MARXE DEREITO AS RABUCEIRAS	1532	38.900,76
MELLORAS DO AFIRMADO NAS RÚAS VENTORRILLO E TRAVESÍA DA CAMUZA III	1532	41.990,23
MELLORAS DO AFIRMADO DOS CAMIÑOS PÚBLICOS EN BUÑO BOA VISTA, A COSTA E AS RABUCEIRAS	1532	41.261,31
TOTAIS		166.501,18

En data de 20 de setembro de 2018 (R.E. nº 4188) recíbese Circular sobre a aprobación da 1ª Fase do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) Adicional 1/2018 POS +ADICIONAL 1/2018 POR MAIOR ACHEGA PROVINCIAL 1º FASE, indicando que se considerou definitivamente aprobada a primeira fase do POS+ Adicional 1/2018 por maior achega provincial, detallando no seu anexo os obxectos solicitados polo Concello, entre os que está a Obra “Melloras do afirmado da rúas Ventorrillo e Travesía da Camuza III”, indicando que os investimentos reflexados no citado Anexo están definitivamente aprobados polo que o concello **“pode iniciar a súa adxudicación e posterior execución”**.

3. O proxecto técnico obrante no expediente contén a declaración de obra completa e a acta de replanteo previa. A finalidade que se trata de conseguir co citado proxecto, tal e como se xustifica na memoria, é a realización das obras necesarias para evitar o deterioro progresivo do edificio, co fin de mantelo en condicións óptimas de funcionalidade e seguridade.

4. Este Concello non conta con medios persoais nin materiais para acometer esta obra.

5. De conformidade co sinalado na Base 7 das reguladoras do Plan os Concellos contratarán os investimentos utilizando os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobados expresamente por esta Deputación, pregos actualmente



adaptados á nova Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público, aprobados polo Pleno da Deputación da Coruña en sesión realizada o 27 de abril de 2018. (BOP nº 82 de 2 de maio de 2018 e páxina web provincial).

6. De acordo co establecido no artigo 131 da LCSP, “*a adxudicación realizarase ordinariamente utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación baseados no principio de mellor relación calidade prezo e utilizando o procedemento aberto e o procedemento restrinxido, salvo nos contratos de concesión de servizos especiais do Anexo IV que se adxudicarán mediante este último procedemento*”. Así mesmo segundo o disposto no artigo 159 da LCSP, os órganos de contratación poderán acordar a utilización dun procedemento aberto simplificado nos contratos de obras sempre que o seu valor estimado sexa igual ou inferior a 2.000.000 de euros e sempre que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún avaliable mediante xuízo de valor ou de habelos a súa ponderación non supere o 25% do total, salvo no caso de que o contrato teña por obxecto prestacións de carácter intelectual. Polo que de conformidade co exposto, óptase pola licitación mediante **procedemento aberto simplificado**, con arranxo ás puntuacións determinadas por esta Alcaldía no marco dos pregos tipo aprobados pola Deputación da Coruña. Neste senso os criterios de adxudicación limitaranse ao factor prezo dado que:

1º.- Á vista da experiencia obtida nas contratacións relativas ao POS+2018 xa iniciadas (expedientes: 2018/C003/000006 e 2018/C003/000008), foron detectados erros nos citados pregos consistentes na errónea determinación do criterio de redución de prazos, que levou a aclaracións polo órgano de contratación, e escasa claridade na redacción dos criterios de estabilidade no emprego, que leva a erros interpretativos na formulación de propostas polos licitadores; e considerando que os citados pregos tipo non se poden modificar polo órgano de contratación.

2º.- A estimación doutros criterios predefinidos pola Deputación para a adxudicación do contrato non se considera que sexan determinantes dunha mellor execución no mesmo á vista da definición que ofrece o proxecto técnico de obras.

7. Se ben é certo que o artigo 99.3 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do sector público establece que “*sempre que a natureza e o obxecto do contrato o permitan, deberá preverse a realización independente de cada unha das súas partes mediante a división en lotes... Non obstante o órgano de contratación poderá non dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos, que deberán xustificarse debidamente no expediente...*”

A estes efectos para a aplicación da división en lotes ás obras e ás subministracións incluídas no POS+2018, deben terse en conta as seguintes consideracións relativas ás circunstancias e ás consecuencias que suporía para o Concello:



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

- As Bases reguladoras do POS+ 2018 foron aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 29 de setembro de 2017 e publicadas no BOP nº 188 de 3 de outubro de 2017, antes da publicación da nova Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, publicado no BOE nº 272 do 9 de novembro de 2017

- Os Proxectos das obras e os pregos das subministracións foron redactados de acordo coas Bases reguladoras do POS+ 2018 e co entón vixente Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, que non prevían a división en lotes

- A división en lotes tería un importante custo económico para os concellos e implicaría unha maior dedicación do seu persoal técnico e administrativo, pola necesidade de redactar documentos técnicos independentes para cada lote que servisen de base á licitación coa seguridade xurídica necesaria para definir con exactitude o obxecto do contrato

- Aínda que algúns proxectos ou pregos inclúen distintos orzamentos parciais ou partes que poderían ser adxudicados por lotes, moitas veces existen partidas comúns a todas elas, como son as relativas á seguridade e saúde, ao control de calidade, á xestión de residuos, e outros conceptos cuxa aplicación aos distintos lotes esixiría realizar novos cálculos nos novos documentos técnicos para a adxudicación en lotes

- Incrementaríase o número de expedientes de licitación que o concello tería que realizar, co conseguinte custo de tempo e de recursos persoais e materiais

- A división en lotes suporía un retraso na adxudicación dos investimentos, e polo tanto na súa execución, pola necesidade de realizar, con carácter previo á licitación, tarefas técnicas e administrativas de división en lotes do proxecto ou prego e, como consecuencia, polo incremento do número de expedientes de contratación

- A dirección técnica das obras e das subministracións complicaríase debido ao incremento do número de contratistas adxudicatarios como consecuencia da división en lotes, o que ademais dificultaría a necesaria coordinación da execución dos distintos investimentos nos concellos

Por todo o exposto esta Alcaldía, en calidade de órgano de contratación, considera suficientemente xustificada a adxudicación do respectivo contrato sen división en lotes en base á fundamentación anteriormente indicada.

8. Mediante informe do ATM, Dona Patricia García Varela, de data 07 de decembro de 2017 acredítase a dispoñibilidade dos terreos e a viabilidade urbanística da actuación prevista.

Visto o proxecto de obras **“Melloras do afirmado da rúas Ventorrillo e Travesía da Camuza III”** asinado polo arquitecto ARQUB 27 ESTUDIO – Arquitecto Gonzalo



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

García Martínez, e que se concreta nun orzamento base de licitación de 34.702,67 € ao que se engade a cantidade de 7.287,56 € en concepto de IVE (21%), facendo un prezo total de licitación de 41.990,23 €

Por todo o anterior, PROPOÑO:

Que previos os trámites que se estimen oportunos se realice a contratación proposta, solicitando coa presente que:

1º.- Se emita o correspondente certificado de existencia de crédito.

2º.- Que se incorporen ao expediente:

2.1 Os pregos reguladores da presente contratación (pregos tipo aprobados polo Pleno da Deputación Provincial de A Coruña en sesión o realizada o 27 de abril de 2018. BOP nº 82 de 2 de maio de 2018 e páxina web provincial) coas puntuacións determinadas pola Alcaldía.

2.2 Que se emitan os informes previos de secretaría e intervención.

3º.- Efectuado o anterior, déaseme conta aos oportunos efectos.

MALPICA DE BERGANTIÑOS, a 24 de outubro de 2018.

O ALCALDE DE MALPICA DE BERGANTIÑOS, EDUARDO JOSÉ PARGA VEIGA.